amipa
ASOCIACIÓN

PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL

MEMORIA 2020

"Un ano de proxectos aprazados.
Un ano de adaptacións ao cambio"

ÍNDICE

- DATOS IDENTIFICATIVOS ..... páx. 3
- INTRODUCIÓN ..... páx. 4
- CONTEXTUALIZACIÓN..... páx. 5
- SERVIZOS, PROGRAMAS E ACTIVIDAES AO LONGO DO ANO 2020..... páx. 6
- COORDINACIÓN CON OUTRAS ENTIDADES…… páx. 13
- RECURSOS PERSOAIS..... páx. 14
- HORARIOS..... páx. 18
- SUBVENCIÓN E AXUDAS…… páx. 19
- AMIPA EN IMAXES…… páx. 21

DATOS IDENTIFICATIVOS

- Denominación: **AMIPA**. ***ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DA COMARCA DO SAR***

- Identificación fiscal: G-15611536

- Sede social: CENTRO SOCIAL – CAMPO DO SOUTO, s/n. 15900 – PADRÓN (A CORUÑA)

- Enderezo: REITORAL DE SAN TOMÉ DE SORRIBAS, nº2. 15980 ROIS (A CORUÑA)

- Teléfono: 981.817.202

- Inscrita co Nº E-1031 no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Benestar da Xunta de Galicia desde o día 28 de novembro de 1997.

- AMIPA foi Declarada Entidade de Utilidade Pública (Orde do 30 de Setembro de 2009. DOG nº 203).

- Enderezo electrónico: **amipa@asociacionamipa.gal**

- Páxina web: **www.asociacionamipa.gal**

INTRODUCIÓN

O presente documento recolle a relación de servizos, programas e actividades, realizados pola Asociación AMIPA, fundamentalmente no Centro Ocupacional de Sorribas, ao longo do ano 2020.

A crise sanitaria derivada da pandemia ocasionada pola COVID-19, esixiu readaptar a prestación dos servizos por parte da asociación ás persoas con discapacidade intelectual e ás súas familias. É por isto que desenvolvemos unha relación de servizos, programas e actividades **diferenciando en 3 períodos**:

1. **Do 1 de xaneiro ao 13 de marzo de 2020**

O *Acordo del Consello de la Xunta de Galicia, de 12 de marzo de 2020, polo que se adoptan as medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da evolución da epidemia do Coronavirus COVID-19 (DOGA 12 de marzo de 2020)* decreta, entre outras medidas, a suspensión de toda actividade presencial nos centros ocupacionais.

2. **Do 16 de marzo ao 31 de xullo**

A *Resolución do 3 de xullo de 2020 (DOGA 10 de xullo) acorda a reapertura dos centros de atención diúrna para persoas maiores e persoas con discapacidade, centros ocupacionais e casas do maior*.

Dende o Centro Ocupacional de Sorribas solicitamos á Xunta de Galicia a reapertura con todas as garantías a partir do 1 de setembro, debido á realización de obras menores de readaptación precisas para poder prestar un servizo nas condicións requiridas.

3. **Do 1 de setembro ao 31 de decembro de 2020**

O 1 de setembro comezou a reactivación do Centro Ocupacional de Sorribas, en 3 fases cunha duración de 15 días as 2 primeiras, segundo instrucións da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social.

CONTEXTUALIZACIÓN

A **misión** de AMIPA, redefinida no ano 2019, consiste en "apoiar e acompañar ás persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e as súas familias para acadar unha mellor calidade de vida, xerando oportunidades dende o respecto e a ilusión, e promovendo a inclusión na comunidade nun entorno rural"

O **ámbito territorial de actuación** da Asociación AMIPA é a Comarca do Sar, formada polos municipios de Dodro, Padrón e Rois. Dende o ano 2017, AMIPA presta tamén servizos a 2 persoas de Brión e 2 persoas de Teo, de zonas limítrofes co Concello de Rois.

AMIPA xestiona o **Centro Ocupacional de Sorribas** que é o único recurso de referencia especializado na atención a persoas con discapacidade intelectual situado na devandita comarca. Este servizo de atención diúrna conta con 24 prazas autorizadas, 20 delas públicas, para persoas con discapacidade intelectual con necesidades de apoio límite e intermitente, con idades de ingreso comprendidas entre os 18 e 59 anos.

O centro ocupacional é un **recurso para a atención ás persoas con discapacidade intelectual e a promoción do seu desenvolvemento persoal e autonomía funcional, a través de procesos de formación individualizados, da práctica ocupacional, da participación na vida da comunidade e da creación de redes naturais de apoio para a súa inclusión social e laboral.**

No ano 2020, AMIPA presta servizos a **24 persoas con discapacidade intelectual, 13 mulleres e 11 homes, de idades comprendidas entre os 19 e os 66 anos, e aos membros das súas unidades de convivencia**. Ademais, presta **servizos individualizados e concretos a 1 persoa socia** con discapacidade intelectual que non participa no centro ocupacional.

Destacamos que a **situación derivada da crise sanitaria pola COVID-19** fixo que os apoios prestados ás persoas con discapacidade intelectual e as súas familias tivesen que ser, se cabe, máis individualizados e intensos. Para desenvolver todos os acompañamentos precisos, necesitamos intensificar e readaptar os apoios profesionais dun xeito presencial, telefónico ou telemático.

Foron varios os **retos** aos que AMIPA tivo que dar resposta, no período do 13 de marzo ao 31 de xullo:

- Buscar apoios naturais directos (irmás, irmáns, traballadoras dos Servizos Socias dos concellos, traballadoras do SAD, …). Procuramos nas familias as

alianzas precisas para poder seguir prestando servizos ás persoas con discapacidade de xeito presencial, para entrega de materiais, paseos terapéuticos, e na distancia.

- Apoio emocional e benestar, información sobre recursos, entregas de materiais nos domicilios, apoios para manter rutinas diarias e tarefas no fogar, apoios de terapia ocupacional, apoios por alteracións de conduta derivados do confinamento, paseos terapéuticos …
- Formación tecnolóxica, nunha contorna eminentemente rural, onde existen moitas barreiras tecnolóxicas e a unha fenda dixital que limita oportunidades ás persoas con discapacidade e familiares.
- Individualización e personalización dos apoios centrados en cada persoa, nos seus domicilios.

SERVIZOS, PROGRAMAS E ACTIVIDADES REALIZADAS AO LONGO DO ANO 2020

Do 1 de xaneiro ao 13 de marzo:

1. **Xestión administrativa e coordinacións técnicas**
2. **Formación ocupacional das persoas con discapacidade intelectual**
   - Montaxe de accesorios e complementos de aluminio coa empresa STAC S.L. de Padrón.
   - Confección de patróns para unha das máquinas da cadea de produción, coa empresa Nestlé S.A. de Pontecesures
   - Agricultura ecolóxica (na horta da Reitoral de Sorribas)
   - Obradoiro de artesanía
3. **Programas Individualizados**
   - Plans Persoais ou Programa de Individual de Atención (PIA)
   - Terapia Ocupacional
   - Cociña e empratado
   - Identidade persoal

- Atención ao público
- Novas tecnoloxías
- Manexo de diñeiro
- Programa de actividade física e deportiva
- Ximnasia de mantemento para maiores de 55 anos, coa veciñanza, nas instalacións municipais de Urdilde
- Piscina terapéutica, nas instalacións da piscina municipal de Brión
- Compras persoais na vila de Padrón

4. Actividades de apertura do centro ocupacional e participación comunitaria

- Visita ao centro de alumnado do Ciclo de Atención a Persoas en Situación de Dependencia do IES Félix Muriel de Rianxo.
- 1 muller con discapacidade participa na Exposición fotográfica “Aloitadoras” polo Día da Muller no Concello de Rois coa súa historia de vida.
- Celebración do Entroido con saída a tomar algo na contorna e comida especial no centro.
- Participación na Visita Teatralizada á Casa Rosalía polo grupos os “Quinquilláns” con outras persoas da comunidade, para celebrar o día da poetisa Rosalía de Castro.
- Libros Viaxeiros: continuamos desenvolvendo conxuntamente coa Oficina Municipal de Voluntariado do Concello de Padrón o proxecto “Libros Viaxeiros”, en establecementos hostaleiros, librerías e espazos naturais do Concello de Padrón. Trátase dun proxecto de inclusión social a través da cultura, compartindo sesións con persoas amantes da lectura, con e sen discapacidade, para comentar obras literarias adaptadas, en **lectura fácil**. Esta actividade puidemos realizala de xeito presencial os meses de xaneiro e febreiro.
- Apoio a 1 persoa para participación no proxecto para a vida independente na Asociación BATA de Vilagarcía, co obxecto de desenvolver o seu Plan Persoal.

5. Participación noutros proxectos

- Participación no proxecto Mi Comunidad de Plena Inclusión España
- Participación na Rede de Ocio Inclusivo Galicia (ROIG)

6. Servizos complementarios:

- Servizo de comedor propio.
- Servizo de transporte: nos concellos da Comarca do Sar, Brión e Teo.
- Orientación e apoio ás familias.
- Servizo psicolóxico: servizo externo prestado por unha profesional no propio centro.
- Lecer e tempo libre: planificación das actividades de ocio: quedadas e vacacións.

Do 16 de marzo ao 31 de xullo

Accións desenvoltas tras a suspensión das actividades presenciais nos centros ocupacionais, o 13 de marzo, por parte da Xunta de Galicia e a declaración do Estado de Alarma, por parte do goberno central o 14 de marzo, na que entre outras cuestións, declaraba servizos esenciais aos servizos sociais (o centro ocupacional de AMIPA é un servizo social especializado). Esta situación excepcional esixiu que adaptar os servizos e apoios que se viñan prestando ata o momento ás persoas con discapacidade intelectual, tendo sempre presente o carácter de servizo esencial.

Apoios ás persoas con discapacidade intelectual e as familias:

- Seguimento semanal e apoio ás persoas con discapacidade e ás súas familias, a través de diferentes recursos: telefónicos, vídeo chamadas e correos electrónicos.

No seguimento recollemos aspectos como: detección de necesidades a nivel de saúde física e apoio emocional, situacións de emerxencia; demandas de apoio domiciliario; apoio no desenvolvemento de actividades: rutinas diarias e tarefas no fogar …

Tamén elaboramos un guión con información de interese, actualizada e adaptada á situación do COVID-19 para trasladar ás persoas e familias.

Así mesmos, ás persoas que dispoñían de recursos tecnolóxicos facilitamos a entrega de materias, actividades, aplicacións … segundo os seus intereses.

- Apoios domiciliarios: facilitando diferentes materias para dar continuación ao proxecto “Libros Viaxeiros” e programas individualizados que se viñan desenvolvendo: Terapia Ocupacional, estimulación cognitiva e de tempo libre segundo as necesidades e demandas das persoas con discapacidade.
- Paseos terapéuticos en situacións de emerxencia.

- Apoios en Encontros virtuais e formativos ás persoas con discapacidade:
    - Participación no concurso de relatos de Fademga Plena Inclusión, no que unha muller con discapacidade de AMIPA obtivo o primeiro premio.
    - Participación de persoas en seminarios: Palabras inclusivas e Conectados durante la corentena
- Actividades virtuais: as actividades virtuais dinamizadas a través de vídeo chamadas, foron as seguintes: Cafés Virtuais e Libros Viaxeiros.

Accións para readaptar o traballo á situación derivada da COVID19 e ás necesidades da prestación dos servizos no centro ocupacional:

- Implementar a modalidade de traballo na distancia como antesala do teletraballo.
- Procura de información actualizada e de fontes oficiais, en internet e centralización da información nun DRIVE para unha mellor a coordinación do equipo profesional que permita asemade centralizar a información, recursos e materiais, resumos de formación …
- Implementación dun programa de xestión integrada, específico para entidades de economía social: Ontimize +Integra, que permite almacenamento centralizado e consolidado de información, coa máxima seguridade e un rexistro histórico, para a xestión eficiente da mesma.
- Mantemento das instalacións do centro ocupacional, horta ecolóxica e traballo de manipulado para seguir atendendo aos pedidos da empresa Nestlé.
- De cara á reapertura do centro ocupacional deseñamos un **Plan de reactivación do Centro Ocupacional,** esixido pola Consellería de Política Social. Neste plan establecemos as pautas de actuación precisas na actividade do Centro Ocupacional de Sorribas, co fin de minimizar o risco de contaxio da COVID-19, tendo como base o Plan de Acción para a prevención do contaxio da COVID-19, enviado pola Consellería de Política Social, Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, o 12 de xuño de 2020. Este Plan de Reactivación esixiu a súa presentación na área sanitaria de Santiago e Barbanza para a súa aprobación e visado e posterior comunicación á Consellería de Política Social.

Neste plan deseñáronse as seguintes **accións:**

- Coordinación co xefe de servizo da área sanitaria do Centro de Saúde de Rois.
- Seguimento de casos de COVID-19 para trasladar, semanalmente, a FADEMGA Plena Inclusión Galicia, a petición da mesma.
- Medidas de prevención de risco das persoas con discapacidade e persoal
- Acceso ao centro e adecuación de espazos
- Apoios ás persoas e elaboración de cartelería no centro relativa ás medidas precisas para previr a COVID19, adaptada cognitivamente
- Elaboración dunha Guía para as Familias, con información relevante do Plan de Reactivación para concienciar na prevención do contaxio da COVID-19 e obter a súa colaboración no mesmo.
- Impartición de formación previa ao reinicio da actividade do centro para persoas con discapacidade intelectual e familias, con entrevistas nos seus fogares.
- Elaboración de protocolos e rexistros
- Plan de limpeza e desinfección intensificado
- Xestión de material de protección e limpeza

Do 1 de setembro ao 31 de decembro

A **reactivación do Centro Ocupacional de Sorribas** esixiu ser un proceso seguro, de carácter dinámico, asimétrico, permitindo recuperar a actividade de forma progresiva.

A actividade do centro retomámola en 3 fases. Nunha 1º fase cunha aproximación do 50% da súa ocupación, unha 2º fase co 75% de ocupación e cunha 3º fase co 100 %, cunha duración de 15 días en cada fase.

Apoios ás persoas con discapacidade intelectual e as familias:

- Actividades de sensibilización ás persoas con discapacidade intelectual da situación da COVID19 e a necesidade de responsabilidade individual e colectiva.
- Actividades sobre medidas de protección e prevención: formación ás persoas sobre as medidas de prevención da transmisión da infección, medidas de protección que se deben empregar e as instrucións para o correcto manexo das mesmas.

- Paralelamente, prestación de apoios telemáticos ás persoas que non se incorporaron ao centro.

- Este proceso desenvolveuse dende a planificación centrada na persoa e as súas necesidades.

O Plan de reactivación do Centro Ocupacional de Sorribas esixiu:

- Fomentar a menor rotación posible do persoal na prestación de servizos ás persoas con discapacidade intelectual, organizando grupos de convivencia estables para reducir os contactos, priorizando o traballo en pequenos grupos.

- Establecemento de programas intensificados de limpeza no centro, con especial atención ás zonas onde poidan transitar maior número de persoas e as superficies de contacto frecuente como varandas e pasamáns, pomos de portas, mesas etc. Neste plan incluímos a limpeza e desinfección dos vehículos de transporte.

Os servizos, programas e actividades a desenvolver neste período foron as seguintes:

1. **Xestión administrativa e coordinación técnica**
2. **Formación ocupacional das persoas con discapacidade intelectual**

    - Obradoiro de Manipulados: montaxe de accesorios e complementos de aluminio coa empresa STAC S.L de P. e confección de patróns para unha das máquinas da cadea de produción, coa empresa Nestlé S.A. de Pontecesures.

    - Obradoiro de Artesanía.

    - Obradoiro de Atención Integral: para un grupo de 7 persoas que precisan apoios profesionais máis individualizados para desenvolver os seus obxectivos persoais no centro ocupacional.

3. **Programas Individualizados**

    - Plans Persoais

    - Actividades de sensibilización e actividades sobre medidas de protección e prevención da COVID19

    - Actividades de benestar: relaxación e xestión emocional

    - Actividades ao aire libre, na horta do centro ocupacional

- Terapia Ocupacional
- Programa de Actividade física e deportiva
- Saídas significativas a paraxes naturais e establecementos hostaleiros da contorna próxima, en grupos de 2-3 persoas, sempre que as medidas de restrición COVID-19 o permitiron.

Ademais, as persoas con discapacidade tiveron oportunidade de participar en:

- Celebración de festividades como o Samaín/Magosto e o Nadal, nos diferentes grupos de convivencia.
- Celebración do "Día Internacional contra a Violencia de Xénero", onde as persoas de AMIPA se suman á campaña "En Negro contra as Violencias", realizando diferentes charlas sobre o significado deste día, polos diferentes grupos de convivencia e a través das redes socias da entidade.
- Participación na campaña "Baixo o mesmo Paraugas", celebrando o Día Internacional das Persoas con Discapacidade (3 de decembro), no centro ocupacional. Publicación nas redes sociais da entidade, da reivindicación dos dereitos das persoas con discapacidade e as súas familias. Tamén nos sumamos a campaña de Plena Inclusión "Vou tapada, non calada".
- Participación de 3 persoas en 2 charlas formativas online: Sexualidade e Alimentación Saudábel, dende o programa de promoción de vida independente de FADEMGA Plena Inclusión Galicia, os días 9 e 16 de novembro.

4. Actividades de apertura do centro e participación comunitaria

Estas actividades realizáronse de maneira virtual, promovendo a alfabetización dixital entre as persoas con discapacidade:

- Libros Viaxeiros: continuamos desenvolvendo este proxecto, conxuntamente coa Oficina Municipal de Voluntariado do Concello de Padrón, adaptándoo á situación de pandemia, realizando 1 encontro virtual.
- Proxecto DIVERSIDApp: colaboración co centro educativo da Consellería de Educación, IES Félix Muriel (Rianxo) desenvolvendo unha APP móbil de xestión e promoción da autonomía persoal para persoas con discapacidade, transferindo un proxecto do ámbito educativo á realidade concreta no rural, das mesmas, a través de comunicacións por corro electrónico, do traballo realizado das persoas con discapacidade.

- Apoio a 1 persoa para participación a distancia no proxecto para a vida independente na Asociación BATA de Vilagarcía, co obxecto de desenvolver o seu Plan Persoal.

5. Participación noutros proxectos

- Proxecto 2020-2021 de Plena Inclusión España "Mi Comunidad": un proxecto de participación comunitaria e inclusión social para as persoas con discapacidade intelectual de AMIPA, a través de sesións online.
- Rede de Ocio Inclusivo Galicia (ROIG) a través de reunións online.

6. Servizos complementarios

- Servizo de comedor propio.
- Servizo de transporte: nos concellos da Comarca do Sar, Brión e Teo.
- Orientación e apoio ás familias.
- Servizo psicolóxico: servizo externo prestado por unha profesional no propio centro.

COORDINACIÓN CON OUTRAS ENTIDADES

- Comunicación e coordinación coas e cos profesionais dos Servizos Sociais de Atención Primaria dos Concellos de Dodro, Padrón, Rois, Brión e Teo e con outros departamentos cos que desenvolvemos distintos programas e actividades, a través de comunicacións telefónicas e escritas.
- Coa Deputación da Coruña, a través de comunicacións telefónicas e escritas.
- Coa Administración Autonómica (Xunta de Galicia) na asignación de prazas públicas ocupacionais e na prestación do servizo do centro ocupacional, a través de comunicacións telefónicas e escritas.
- Co SERGAS, a través dos Centros de Saúde de Atención Primaria dos domicilios das persoas que reciben o servizo. A coordinación co Centro de Saúde de Rois para actuación do protocolo COVID19 foi telefónica.
- Co centro educativo da Consellería de Educación, IES Félix Muriel (Rianxo) e coa Oficina Municipal de Voluntariado do Concello de Padrón para a realización de proxectos en comunidade compartidos, a través de comunicacións telefónicas e escritas.

- Colaboramos con outras organizacións que traballan para as persoas con discapacidade intelectual dende diferentes estruturas: Plena Inclusión España, Fademga Plena Inclusión Galicia, Special Olympics Galcia, Asociación BATA e a Rede de Ocio Inclusivo de Galicia (ROIG).
- Con entidades de iniciativa social da Comarca do Sar: Fundación Rosalía de Castro, Fundación Paideia Galiza, Asociación Andaina Pro-Saúde Mental, asociacións de veciñas e veciños de Rois...
- Coa Comunidade de Montes "Balouta" do Concello de Dodro.

RECURSOS PERSOAIS

As persoas que participan no desenvolvemento do proxecto de AMIPA foron as seguintes:

- Xunta Directiva da Asociación AMIPA, formada por 6 persoas: 4 mulleres e 2 homes.
- 24 persoas con discapacidade intelectual, participantes diarios nos servizos, programas e actividades desenvolvidas por AMIPA e 1 persoa socia que recibe servizos puntuais da asociación.
- 25 socios/as de número.
- 38 socios/as colaboradores/as.
- Persoas voluntarias, en prácticas e colaboradoras.

Profesionais que teñen participado no desenvolvemento dos servizos, proxectos e actividades da AMIPA ao longo do ano 2020, foron as seguintes:

- 1 Directora-xerente** (35 horas semanais)
- 1 Psicopedagoga** (10 horas semanais)
- 1 Educadora Social* (38,5 horas semanais), ata o 24 de decembro.
- 1 Educadora Social** (5 horas semanais)
- 1 Terapeuta Ocupacional* (38,5 horas semanais) ata o 28 de decembro.
- 3 Monitoras-educadoras** (1 a 38,5 horas semanais, 1 a 28,5 horas semanais e unha 32,5 horas semanais)

- 1 Cociñeira**, con funcións de limpeza (32,5 horas semanais ata agosto e 38,5 horas ata decembro)

- 1 Psicóloga***: servizo externo (1 día á semana)

- 2 Monitores Deportivos*** dos Concellos de Padrón e Rois (1 hora, 2 días á semana), profesionais de apoio, no programa de actividade física e deportiva.

- 1 Educadora Familiar ***, Técnica do Concello de Rois (3 horas á semana, 2 días á semana), profesional de apoio no Obradoiro de Artesanía.

*****Postos en ERTE do 1 de xuño ao 17 e 30 de agosto
** Postos con redución de xornada a 25 horas/semanais do 15 de xuño ao 15 ou 30 de agosto)
*** Colaboracións suspendidas entre o 16 de marzo e o 15 de outubro.

Accións formativas realizadas por persoal de AMIPA, organizadas polo propio centro e por entidades públicas e privadas especializadas, foron as seguintes:

Liderado:

- Curso coaching de sistemas relacionais e de equipos 2019-2020. Mondragon Unibertsitatea. 300 horas.
- Programa para o desenvolvemento do liderado en persoas con responsabilidades de dirección ou coordinación en organizacións "Virada". Obradoiros de contido sobre liderado, IV Edición. Algalia e Fundación EDE. Do 11 marzo ao 16 de setembro. 78 horas.

Enfoque centrado na persoa:

- Enfoque centrado na persoa. Fademga Plena Inclusión Galicia. Do 01 de marzo ao 03 de abril. 32 horas, online.

Diversos seminarios relacionados coa situación COVID-19, organizados por Plena Inclusión e outra formación de interese:

- Seminario "Coronavirus y Discapacidad Intelectual". 17 de marzo. 2 horas
- Seminario "Las entidades responden. Apoyos frente a la crisis del Covid-19". 31 de marzo. 2 horas.

- Acompañán-donos frente al duelo. 3 de abril. 1,5 horas.
- Vivir con buenos apoyos. Las fundaciones tutelares ante la crisis del coronavirus. 7 de abril. 2 horas
- Seminario: Xestionar as emocións en tempos de crise. 7 de abril. 2 horas, online.
- Seminario Sin dejar a nadie atrás (personas con grandes necesidades de apoyo y a sus familias). 14 de abril. 2 horas.
- Seminario Des-institucionalización: unha vida como a dos demais. 28 de abril, 2 horas, online
- Encontro Virtual: Palabras Inclusivas. Plena Inclusión. 23 de abril. 1,5 horas online.
- Estrategias para la regulación emocional en atención directa. Plena Inclusión Madrid. 8 de abril. 1 hora, online.
- Seminario: "Procesos de desescalada". Plena Inclusión. 8 de maio. 2 horas, online.
- Seminario online: El trabajo de las personas con discapacidad. Un derecho en riesgo. 05 de maio. 2 horas, online.
- Seminario: Tomamos un café? La mirada de la familia. Plena Inclusión. 12 de maio. 2 horas, online.
- Seminario Des- institucionalización II. 19 de maio. 2 horas.
- Seminario "Envellecer con dereitos", Plena Inclusión. 26 de maio. 2 horas.
- Enfermidades nosocomiales en entornas sanitarias, protección sobre COVID-19. 27 de maio. 1 hora, online.
- Seminario: "Sesión informativa con la UME". Plena Inclusión. 28 de maio. 1 horas.
- Creando comunidade. Plena Inclusión Andalucía. 4 de xuño. 2 horas, online.
- Experiencias de desescalada: Apoyos en el día a día. Plena Inclusión. 5 de xuño. 2 horas.
- 1º e 2º Seminario Asistencia Personal en tiempos de COVID-19. Plena Inclusión Castilla y León. 27 de maio e 10 de xuño. 2 horas cada seminario, online
- Ética para valientes: dignificando los apoyos. Plena Inclusión. Do 20 de marzo ao 30 de marzo. 6 horas, online.
- Accesibilidad Cognitiva. Plena Inclusión. Do 19 de marzo ao 11 de abril. 16 horas, online
- Participación e discapacidade intelectual. Miríadax. Do 20 de marzo ao 1 de maio. 18 horas, online.
- Apoio Conductual positivo. Fademga Plena Inclusión Galicia. Do 27 de marzo a 6 de abril. 6 horas, online.

- Seminario "Uso de WhatsApp na empresa e no comercio". Centro Demostrador TIC Galicia (CDTIC) e Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA). 7 de abril. 1 h e 30 m, online
- Masterclass: “Abordaje de trastornos del comportamiento ante ruptura de rutinas”. Fundación Cuidados Dignos. 15 de abril. 1 hora, online.
- Seminario “Cuidar con dignidade”. Fundación Cuidados Dignos. 29 de abril. 1 hora, online.
- Asistencia Persoal. Fademga Plena Inclusión. Do 13 de abril ata 15 de xuño. 50 horas, online.
- Curso de alerxias e intolerancias alimentarias. Recursos Galicia. Do 15 de abril ao 15 de maio. 50 horas, online.
- Masterclass “ Ell@s también lo hacen. Afectividad y sexualidad en las personas dependientes. Cuidados Dignos. 13 de maio. 2 horas, online.
- III WEBINARIO FCM: La gestión de los cuidados durante la pandemia desde la perspectiva de género y discapacidad”. CERMI Mujeres. 13 de maio. 2 horas.
- Formación PRL: Teletrabajo y medidas preventivas COVID-19. Ibersys. Do 05 ao 08 de maio. 3 horas, online.
- Atención á diversidade fronte situacións de emerxencia. Fundación Once. 8 de maio. 2 horas, online.
- La gramática del miedo. Asociación DHO. 6 de xuño. 1,5 horas, online.
- Implicacións bioéticas nas persoas con discapacidade e outros colectivos vulnerables. Plena Inclusión Madrid. 8 de xuño. 1 h e 30 m, online.
- "La igualdad, en el centro de la Emergencia Social": Diálogo 1: Retos urgentes de la atención a las mujeres víctimas de la violencia de género. EDE Fundazioa. 17 de xuño. 1h e 15m, online.
- Accesibilidade cognitiva. Miríadax. Xuño. 18 horas, online.
- Teleformación lectura Fácil. FADEMGA Plena Inclusión Galicia. Do 22 de xuño ao 03 de xullo. 16 horas, online. Formación propia.
- Taller de deseño en lectura fácil. FADEMGA Plena Inclusión Galicia. Do 23 ao 30 de setembro. 8 horas, online.
- Adáptate aos cambios: ferramentas dixitais útiles para a túa empresa. Rede Eusumo. Setembro. 40 horas, online.
- Dinamización de clubs de Lectura Fácil. Fademga Plena Inclusión. 13,14 e 15 de outubro. 6 horas, online.
- XIV Seminario online sobre Discapacidade Intelectual e Saúde Mental. FADEMGA Plena Inclusión Galicia. 12 de novembro. 3 horas, online.
- Habilidades para la intervención sistémica con familias de personas con discapacidad intelectual. Plena Inclusión Madrid. Do 3 de ao 6 novembro. 8 horas, online.

- Encontro online “Retos do envellecemento en persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento”. Fademga Plena Inclusión. 3 de decembro. 2 horas.

Formación organizada pola Xunta de Galicia:

- Protocolos COVID-19 en Centros de Persoas con Discapacidade. Formación da Dirección Xeral de maiores e Discapacidade da Xunta de Galicia. Do 15 de xuño ao 3 de xullo. 4,5 horas, online.

Formación propia:

- Formación en Ética e Bo trato. Antonio Naya, Director Técnico del Centro Ricardo Baró en ASPRONAGA. 02 e 04 de xuño. 4 horas, online.
- Formación en Roles profesionais. Iago Menduiña, Director del Servicio de Ocio en ASPRONAGA. O 9 e 12 de xuño. 4 horas, online. Formación propia.

HORARIOS

HORARIO XERAL:

O horario habitual de permanencia no Centro Ocupacional, en períodos de servizo presencial foi de 10:25 h. a 17:30 h., de luns a venres, **do 1 de xaneiro ao 13 de marzo.**

O horario de atención do 16 de marzo ao 31 de xullo, foi flexible e variou en función das necesidades da prestación do servizo, garantindo en todos os casos a cobertura do mesmo, en todo este período, en función das demandas de urxencia das persoas con discapacidade intelectual e familias.

Do **1 de setembro ao 31 de decembro**, o horario variou e foi de 10:25 h. a 16:30 h., de luns a venres, debido á necesidade de reforzar e incrementar as medidas de desinfección e limpeza e polas propias necesidades das persoas con discapacidade que tiveron que permanecer en grupos de convivencia estables e dentro do centro, o cal podía chegar a perxudicar o seu estado emocional. Este horario puidose ver ampliado ou reducido por motivos relacionados coas actividades dos programas e polas esixencias derivadas da COVID-19.

O centro ocupacional permaneceu pechado por vacacións estivais ao longo do mes de agosto, entre o 10 e o 23 de agosto, e en Nadal.

HORARIO OCUPACIONAL: Os talleres ocupacionais funcionaron, no período de servizo presencial, en horario de mañá, de 11:00h a 16:00h, con descansos de 15 m. para o café e 1 hora de comedor.

O horario dos descansos e comedor tivo que ser adaptado a partires do 1 de setembro ás medidas de prevención da COVID-19, tendo 3 quendas cada horario, segundo os 3 grupos de convivencia.

HORARIO DOS PROGRAMAS: Os programas desenvólvense en paralelo á actividade de formación ocupacional. Cunha franxa horaria de 11:00h a 16:00h, tendo en conta os descansos pertinentes.

HORARIO DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS: Os servizos complementarios do Centro Ocupacional desenvolvéronse de luns a venres, dentro do horario xeral do centro ocupacional, agás o servizo de transporte que se desenvolveu en horario de 9:45h a 10:25h e de 16:30h a 17:30h.

SUBVENCIÓNS E AXUDAS

Un ano máis, parte importante das actividades e programas que AMIPA desenvolve para dinamizar os procesos de promoción integral das persoas con discapacidade dependen do **financiamento público** (Xunta de Galicia, Deputación da Coruña e Concellos da Comarca: Dodro, Padrón e Rois).

Mais a entidade considera a necesidade de procurar novas fontes de financiamento, de explorar novos recursos e de iniciar vieiros de autoxestión sostible para crear alternativas aos modelos económicos, como son por exemplo a venta de produtos ecolóxicos e artesanais, a prestación de servizos a empresas da comarca e a busca de novos/as socios/as colaboradores/as (aínda tratándose de modelos de financiamento moito menos estables, e contía inferior aos públicos que dotan de maior estabilidade,e que cómpre desenvolver nos vindeiros anos).

Contrato de prestación de servizo público:

- **Xunta de Galicia:** O contrato asinado coa Consellería de Traballo e Benestar (actual Consellería de Política Social) con referencia á xestión do servizo público para a reserva e ocupación de 20 prazas públicas en Centro Ocupacional para Persoas con Discapacidade. Na modificación e 10ª prórroga do contrato (do 1 de xaneiro de 2020 ao 31 de decembro de 2020)O importe total facturado no 2020 foi de **72.306,81 €** que corresponde, dunha banda á prestación do servizo de atención diúrna e, doutra banda, á prestación do servizo de transporte.

- **Xunta de Galicia:** Indeminización por suspensión automática do contrato como consecuencia da situación derivada da COVID19, comunicada o 26 de marzo de 2020 pola Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade: **43.056,05€**

Subvencións e axudas dos seguintes organismos públicos e privados:

- **Xunta de Galicia**, Subvencións da **Consellería de Economía, Emprego e Industria (Programas de Cooperación 2019-2020**, concesión para a contratación durante 9 meses, a xornada completa, de 1 educador/a social e 1 terapeuta ocupacional. O importe imputado ao ano 2020 foi de 36.939,66€, sendo o importe total concedido de 37.076,94€

- **Xunta de Galicia:** O **Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE),** axencia, adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria: **6.538,82€** Programa axudas a proxectos de dixitalización para facer fronte á COVID19 (Programa de cheques dixitalización COVID19)

- **Xunta de Galicia, Consellería de Política Social,** a través de **FADEMGA Plena Inclusión Galicia: 4.713,49€.** Axudas 2020 para o incremento salarial do XV Convenio Colectivo de Centros de Atención a Persoas con Discapacidade.

- **Corporacións Locais: Deputación da Coruña** para o desenvolvemento de programas de Servizos Sociais, **20.223,00€** e **Concellos de Padrón, 11.068,38€, Rois, 2.000€,** e **Dodro, 500€,** para mantemento de actividades.

- **Obra Social La Caixa**, a través de oficina de Padrón: **15.000€, colaboración para inversións nun elemento de transporte a executar en 2020 ou 2021.**

AMIPA EN IMAXES

Do 1 de xaneiro ao 13 de marzo de 2020

PROGRAMAS INDIVIDUALIZADOS

PARTICIPACIÓN NA COMUNIDADE

Do 16 de marzo ao 31 de xullo

APOIOS DOMICILIARIOS E CENTRO SEN ACTIVIDADE PRESENCIAL

amipa
ASOCIACIÓN

Do 1 de setembro ao 31 de decembro de 2020

FORMACIÓN OCUPACIONAL: REACTIVACIÓN DO CENTRO OCUPACIONAL

FORMACIÓN COVID-19

EN NEGRO CONTRA AS VIOLENCIAS

CAMPAÑA BAIXO O MESMO PARAUGAS

SAÍDAS SIGNIFICATIVAS NA CONTORNA

Sorribas, marzo de 2021

www.asociacionamipa.gal